

CONSELLERÍA de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Organismo: Dirección Xeral de Cultura

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no Diario Oficial de Galicia)	

SUMARIO:

Orde do 10 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas para o sector editorial galego, relativas a gastos de edición, distribución e comercialización das publicacións editoriais no ano 2023 e se procede a súa convocatoria para o ano 2023 (Código de procedemento CT238A)

TEXTO:

(Escribir a dous espazos)

De acordo coas atribucións que asigna o marco competencial, correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, ao abeiro do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, favorecer a difusión da produción intelectual e creativa de Galicia noutras culturas.

Tamén é competencia da consellería a colaboración coas editoras galegas mediante accións específicas encamiñadas á promoción do libro galego tanto en Galicia como fóra da comunidade autónoma.

O sector editorial galego resulta clave para o desenvolvemento do país, o libro e a produción escrita constitúen na actualidade unha das bases do prestixio cultural de Galicia, por iso a administración apoia as iniciativas profesionais da edición galega e a difusión dos seus produtos editoriais.

(Escribir a dous espazos)

Por este motivo, dentro das responsabilidades que lle competen, no uso das facultades que se lle conferiron, e de acordo co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades establece subvencións de apoio ao sector editorial galego, relativas a cubrir os gastos de edición, distribución e comercialización das súas publicacións editadas entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de outubro de 2023, co fin de posibilitar a súa difusión, e que estas cheguen ao destinatario final que é o público lector.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades quere, con esta orde, establecer un instrumento que, conforme á normativa legal vixente, marque as pautas para unha distribución, segundo os criterios de publicidade, obxectividade e non concorrencia, dos recursos destinados ao libro, axustada ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na súa virtude, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regularán o procedemento de concesión de subvención, a aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten a condición de editoras de acordo co establecido na presente orde, para o que deberán estar dadas de alta antes do 1 de xaneiro de 2023, no epígrafe 476.1 edición de libros, do imposto de actividades

(Escribir a dous espazos)

económicas e que contén, tamén antes da citada data, cun departamento de edición en Galicia, de acordo co establecido na presente orde (código de procedemento CT238A).

As axudas van dirixidas á apoiar o sector editorial galego, no que se refire aos gastos derivados da edición (produción), distribución e comercialización das súas publicacións, nos idiomas cooficiais en Galicia ou noutros idiomas, editadas e distribuídas entre o 01/01/2022 e o 31/10/2023.

Aos efectos da presente orde, considéranse gastos de edición, os de autoría, corrección, revisión, maquetación, custos de preimpresión e de impresión, dixitalización, ou calquera outro gasto de similar natureza.

Distribución: transporte e calquera actuación que permita a chegada da obra aos canles de difusión, sexan físicos ou dixitais.

Comercialización: campañas de márketing e/ou publicidade en diferentes medios ou canles.

So se financiarán os gastos realizados que respondan de xeito directo e indubidable á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para a realización dos mesmos.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a empresa beneficiaria da subvención deberá xustificar que os gastos subvencionables deberán ter sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial de aplicación, ou no seu defecto nos establecidos na Lei 3/2004, de morosidade nas operacións comerciais.

A lo menos a maquetación, impresión e distribución deberá estar realizada no período

(Escribir a dous espazos)

indicado no parágrafo segundo deste artigo.

2. Así mesmo, ten por obxecto convocar a dita subvención para o ano 2023.

Artigo 2. Tramitación anticipada de gasto

Este expediente tramitarase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, existindo crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2023. Na súa virtude, e de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001. A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Artigo 3. Entidades beneficiarias

- Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas nesta orde aquelas persoas físicas, ou xurídicas as que se refire o artigo 1 da presente orde.
- Non poden beneficiarse das axudas recollidas nesta orde aqueles solicitantes que se atopen nos supostos previstos nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

(Escribir a dous espazos)

Artigo 4. Libros obxecto de subvención e contía das axudas.

1. A dotación total da subvención distribuirase entre os libros que cumpran os requisitos que establece esta orde.
2. Os libros obxecto de subvención deberán reunir as seguintes características:
 - a) Estaren editados en Galicia e cuxa produción sexa comercializada a través de librerías ou doutras plataformas de distribución, física ou dixital.
 - b) A edición, distribución e comercialización das obras deberase realizar entre o 01/01/2022 e o 31/10/2023, ambos inclusive.
 - c) Teren unha tiraxe mínima, incluídas reimpresións dentro do período establecido no punto anterior, de 400 exemplares, agás as obras de poesía, teatro e ensaio, que poderán ter un mínimo de 200 exemplares por tiraxe.
 - d) Teren un plan de distribución e comercialización en España e/ou fóra de España.
 - e) Seren unha primeira edición dunha obra inédita, ou ben dunha obra cuxa última edición, na lingua que se propón publicar, teña unha antigüidade de máis de 15 anos.
 - f) Posúiren un mínimo de 60 páxinas por exemplar, excepto os libros infantís, de teatro e de poesía.
 - g) Calquera outro tipo de publicación na que concorran as características establecidas na convocatoria de subvencións regulada por estas bases.

Unha obra que estea editada en varias encadernacións (rústica, cartoné, etc) só poderá presentarse nunha delas.

(Escribir a dous espazos)

3. O importe máximo adxudicado a cada editorial non pode superar os 25.000 €.

4. O importe final adxudicado a cada entidade determinarase en función do investimento presentado e de acordo cos seguintes porcentaxes:

- Ata 6.500€ de investimento por obra:

en galego: ata un máximo do 80%

noutra lingua: ata un máximo do 60%

- De 6.501€ en diante de investimento por obra:

en galego: ata un máximo do 90%

noutra lingua: ata un máximo do 70%

5. Cada editorial poderá solicitar axuda para un máximo de 15 libros.

Artigo 5. *Supostos excluídos*

Quedan excluídos expresamente das subvencións reguladas nestas bases:

a) Todos os libros de texto sen excepción, calquera que sexa o nivel ou tipo de ensino, os libros de exercicios e prácticas e as correspondentes claves de exercicios e libros do profesor, os temarios de oposicións, así como enciclopedias e dicionarios.

b) Os libros editados con algunha institución ou organismo público.

c) As obras editadas en fascículos.

d) Os libros conceptuados como de bibliófilos.

(Escribir a dous espazos)

- e) Todas as edicións facsímiles sen excepción, calquera que sexa a súa temática ou tipoloxía.
- f) Os libros editados polos seus autores.
- g) As obras que, editadas por clubs do libro e empresas similares, só son alcanzables aos respectivos socios ou adheridos, e os editados expresamente para a venda a prazos.
- h) Os álbums, recortables, libros de pintar e colorear, cadernos de caligrafía e de exercicios, e en xeral todos aqueles nos que se teña que traballar.
- i) Os catálogos de exposicións.
- j) Os anuarios, publicacións periódicas e separatas ou números monográficos destas.
- k) As fotocopias encadernadas en forma de libro.
- l) Os volumes soltos que formen parte dunha obra completa no caso de que non se comercialicen por separado.
- m) As reimpresións de obras.
- n) As obras subvencionadas con cargo á convocatoria anterior desta orde (Orde do 16 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas para o sector editorial galego, relativas a gastos de edición, distribución e comercialización das publicacións editoriais no ano 2022, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022, DOG Núm.125, do 1 de xullo).
- ñ) Os gastos de tradución, incluídos na correspondente orde de axudas específica.

(Escribir a dous espazos)

Artigo 6. *Imputación orzamentaria*

1.As axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 10.04.432A.770.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, por un importe de 200.000,00 €.

2. O importe inicial da convocatoria pode ser ampliado en función das dispoñibilidades orzamentarias, o que poderá dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo co disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7. *Natureza e concorrencia das axudas*

1. As axudas establecidas nesta orde para apoiar as editoriais galegas quedan suxeitas ao Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE do 24 de decembro de 2013, L352/1).

2. As axudas deberán cumprir as condicións de exención e os límites sinalados no Regulamento (UE) núm. 1407/2013. A contía total das axudas de mínimos concedidas a unha empresa non poderá exceder de 200.000,00 € nun período de tres exercicios fiscais. Este limiar aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido. As axudas de mínimos non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se dita acumulación dá lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

3. As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera

(Escribir a dous espazos)

outra que puidese ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que levou a cabo a entidade beneficiaria.

Artigo 8. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, segundo o modelo que se incorpora como anexo I.
2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.
3. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 9. *Prazo de presentación de solicitudes*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fora inhábil, entenderase prorrogado

(Escribir a dous espazos)

ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

2. Non serán admitidas en ningún caso solicitudes presentadas fóra do prazo e da forma establecida nesta orde.

Artigo 10. *Documentación complementaria*

1. Coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación:

A. Documentación de carácter xeral:

- De ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa que actúe no nome da editorial solicitante. A representación deberá acreditarse a través do modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou por calquera outro medio válido en dereito. O modelo normalizado pódese descargar na seguinte ligazón: <https://sede.xunta.gal/modelos-normalizados>.

-Copia do último recibo do pagamento do imposto de actividades económicas, de ser o caso.

-Certificado de exención do pagamento do imposto de actividades económicas, emitido pola Axencia Tributaria, de ser o caso.

-Declaración responsable de exención do pagamento do imposto de actividades económicas, de ser o caso.

-Certificación de situación no Censo de Actividades Económicas da Axencia Estatal da Administración Tributaria, onde se acredite que a editorial dispón dun departamento de

(Escribir a dous espazos)

edición en Galicia, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2023. Esta certificación so se debe achegar no caso de que a editorial teña o domicilio fiscal fóra de Galicia.

B. Documentación específica:

-Memoria explicativa do proxecto (máximo 3 páxinas por obra).

-Plan de distribución e comercialización do proxecto en España e/ou fóra de España.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

(Escribir a dous espazos)

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 11. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante
- b) DNI ou NIE da persoa representante
- c) NIF da entidade solicitante

(Escribir a dous espazos)

d) NIF da entidade representante

e) Alta no imposto de actividades económicas (IAE)

f) Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social

g) Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT

h) Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma

i) Certificado de domicilio fiscal

j) Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas

k) Consulta de concesións de subvencións e axudas

l) Consulta de concesións pola regra MINIMIS

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. *Emenda das solicitudes*

(Escribir a dous espazos)

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase á persoa solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, rectifique a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se lle terá por desistida da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 13. *Procedemento de instrución*

1. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. Correspóndelle á Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro a instrución do procedemento de concesión de subvencións e desenvolverá de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deba formularse a proposta de resolución.
3. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta orde tramitarase mediante o rateo do orzamento existente entre as entidades solicitantes que cumpran as condicións establecidas, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. As solicitudes que se axusten aos requisitos establecidos nesta convocatoria asignaráselle unha cantidade final para o cumprimento da finalidade desta orde. Esta

(Escribir a dous espazos)

cantidade será a resultante da repartición da cantidade total, entre a totalidade das solicitudes correctamente recibidas, segundo os criterios previstos no punto 4 do artigo 4 desta orde.

5. De conformidade co artigo 31.4 da Lei de Subvencións de Galicia, inadmitiranse as solicitudes posteriores ao esgotamento do crédito orzamentario, aínda que a publicidade de dita circunstancia polo órgano xestor se produza a posteriori de dito esgotamento.

Artigo 14. *Proposta de resolución*

Realizada a repartición o órgano instrutor elevará a proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral de Cultura quen resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Artigo 15. *Resolución*

1. A persoa titular da Dirección Xeral de Cultura por delegación da persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo de quince (15) días desde a elevación da proposta de resolución da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, ditará a resolución de concesión de acordo co disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nesta resolución incluírase a relación de beneficiarios, as cantidades concedidas así como as causas que determinaron a exclusión das restantes solicitudes e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*. Esta publicación substituirá a notificación persoal e producirá os mesmos efectos.

Así mesmo, farase pública no portal <https://www.cultura.gal>.

(Escribir a dous espazos)

2. Tamén, deberá comunicarse ás persoas beneficiarias o importe da axuda (en equivalente bruto de subvención) e o seu carácter de axuda de minimis exenta en aplicación do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE do 24 de decembro de 2013, L352/1).

3. O prazo para ditar e notificar ás persoas interesadas a resolución expresa non poderá superar os cinco meses, segundo establece o artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O prazo computarase a partir do día da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

4. O vencemento do dito prazo sen que se notifique a resolución expresa faculta a persoa interesada para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Artigo 16. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na

(Escribir a dous espazos)

solicitud. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 17. *Publicación dos actos*

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a resolución definitiva, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

(Escribir a dous espazos)

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web
<https://www.cultura.gal>

Artigo 18. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 19. Aceptación das axudas

Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as persoas interesadas propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de 10 días para a súa aceptación. Transcorrido este sen que se producise manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada, agás que no mesmo prazo se comunique de xeito formal e expreso a renuncia á subvención concedida, debidamente asinada pola representación da persoa beneficiaria.

Artigo 20. Xustificación

1. As editoriais beneficiarias das axudas, para percibir a subvención, quedan obrigadas a acreditar a realización das actividades subvencionadas.

2. Para a xustificación das axudas deberá presentar a seguinte documentación ata o 31 de outubro de 2023 (inclusive). No anexo II constan as seguintes declaracións:

-Relación detallada de gastos subvencionables efectuados mediante facturas, acompañados dunha declaración responsable conforme os ditos gastos corresponden á

(Escribir a dous espazos)

obra subvencionada. No caso de facturas que inclúen pagos conxuntos, correspondentes a varias obras, debe poñerse só a parte que corresponda a obra subvencionada máis a parte proporcional dos impostos.

- Comunicación que acredite a plataforma ou plataformas de venda onde o libro está aloxado. Será obrigatorio no caso de que o libro se edite en formato dixital ou se trate dunha edición a demanda, no caso de que o libro sexa en formato físico indicarse un mínimo de cinco (5) librarías onde estea á venda, segundo o anexo II desta orde.

-Comunicación conforme as obras foron depositadas na oficina do Depósito Legal da provincia correspondente coa indicación do número asignado.

E, co anexo II deberá presentarse a seguinte documentación:

-Certificación expedida pola editorial onde consten os gastos subvencionables efectuados con medios humanos e materiais propios da entidade, de ser o caso. Tamén debe constar o tempo dedicado a estas tarefas, a súa cuantificación e o importe por hora. Así mesmo, deberán acreditar que as persoas que desenvolven estas tarefas están incluídas no seu cadro de persoal (nóminas, contratos ou calquera outra documentación acreditativa).

3. No momento da xustificación a persoa peticionaria deberá presentar unha declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas coma das pendentes de resolución, para as mesmas actividades, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

4. As editoriais beneficiarias das axudas, para percibir a subvención, quedan obrigadas a acreditaren a realización dos proxectos subvencionados e a xustificaren a totalidade do

(Escribir a dous espazos)

orzamento, no prazo establecido na presente orde. No caso de non xustificarse a totalidade do orzamento previsto do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción.

Artigo 21. *Pagamento*

1. Para os efectos do disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerase gasto realizado e pagado o que se acredite no período subvencionable ao que se refire o artigo 1 da presente orde.

2. Considéranse documentos xustificativos do pagamento os seguintes:

-Xustificante bancario do pagamento pola persoa beneficiaria (transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso en efectivo polo portelo, certificación bancaria), en que conste o número da factura obxecto do pagamento.

-Identificación da persoa que realiza o pagamento, que deberá coincidir coa persoa beneficiaria da axuda.

-Identificación da persoa destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa e entidade que emitiu a factura.

3. Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, non supere os 1.000 €. Neste caso, o pagamento xustificarase mediante a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión "recibín en metálico".

4. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se efectúe ante o órgano administrativo competente, este requirirá a entidade beneficiaria para que a presente no

(Escribir a dous espazos)

prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

5. A Dirección Xeral de Cultura poderá requirir en todo momento calquera documentación que considere oportuna para a xustificación da axuda.

6. Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, segundo recolle o artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Artigo 22. Obrigas das persoas beneficiarias

1. As persoas beneficiarias desta axuda quedan suxeitos ás obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As persoas beneficiarias deberán dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

3. Si para a realización da actividade obxecto da subvención se utiliza calquera elemento susceptible de xerar dereitos de autor, debe cumprirse co que dispón a normativa sobre propiedade intelectual.

(Escribir a dous espazos)

4. As persoas beneficiarias das axudas terán a obriga de facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 23. Reintegro da axuda e procedemento sancionador

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, das subvencións e axudas públicas percibidas cando concorran calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. No caso de que a persoa beneficiaria da axuda incumprise algunha das condicións ou obrigacións estipuladas, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, instruirá o correspondente expediente sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, citada no punto anterior.

3. Toda alteración das condicións observadas para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Artigo 24. Controis

A consellería competente realizará actuacións de seguimento e control das axudas concedidas que considere oportunas, ben con medios propios ou externos, a fin de comprobar o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e o destino definitivo. O beneficiario estará obrigado a colaborar na labor de control, proporcionando

(Escribir a dous espazos)

os datos requiridos.

Artigo 25. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 26. Remisión normativa

No desenvolvemento desta orde, observarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

E, supletoriamente:

- d) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, reguladora dos requisitos de concesión e xustificación de subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei

(Escribir a dous espazos)

recóllense artigos de carácter básico, que resultan de aplicación á normativa desta comunidade autónoma, e consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

e) Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

f) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

g) Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 27. *Recursos*

Contra os actos resolutivos que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñer o interesado recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da notificación da resolución, ou potestativamente interpoñer, no prazo dun mes desde a recepción da resolución, recurso de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Disposición adicional

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b) e 20.8a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Diario Oficial de Galicia.

Disposición derradeira primeira

(Escribir a dous espazos)

Facúltaselle á persoa titular da Dirección Xeral de Cultura, no ámbito das súas competencias, para que dite as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González

Insírase no DOG

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

Secretario xeral Técnico

Manuel Vila López